

D.- FINANCIAMENTO

Financiamento da actividade	Contía (€)
Orzamento global	
Importe da inscrición ou matrícula	
Para financiar por parte da/s entidade/s provedora/s	

Información sobre o patrocinador

Patrocinador público (Institución/s e contía)

Patrocinador privado (Institución/s e contía)

O ORGANIZADOR/PROVEDOR É TOTALMENTE RESPONSABLE DA PLANIFICACIÓN E CONTIDOS DA ACTIVIDADE QUE SE SOMETE A ACREDITACIÓN E QUE, EN NINGÚN CASO, AS ACHEGAS EN CONCEPTO DE PATROCINIO COMERCIAL CONDICIONARÁN:

- A independencia dos contidos. O provedor debe garantir que os contidos do programa da actividade non estean mesquidados comercialmente.
- A independencia dos relatores. A selección dos relatores non pode estar condicionada polas achegas do patrocinador. Ademais, débese dar a coñecer calquera relación entre relatores e patrocinador (conflicto de intereses).
- O control da publicidade. O provedor é responsable dos contidos dos materiais de promoción da actividade.
- A presenza de logotipos comerciais. O nome do patrocinador comercial só pode constar nos materiais promocionais e nos programas, pero nunca nos materiais docentes.

Así mesmo, en ningún dos materiais promocionais e docentes se pode facer mención de ningún produto comercial concreto.

INFORMACIÓN ADICIONAL

O RESPONSABLE DA ENTIDADE

III. OUTRAS DISPOSICIÓNS**VICEPRESIDENCIA DA IGUALDADE E DO BENESTAR**

Orde do 17 de febreiro de 2009 pola que se regula a oferta de prazas xuventís dentro do programa Campaña Verán-2009 e se procede á súa convocatoria.

A Vicepresidencia da Igualdade e do Benestar, a través da Dirección Xeral de Xuventude e Solidariedade, leva a cabo a promoción e organización de actividades de animación sociocultural destinadas á xuventude no ámbito do tempo libre.

Asumidas as competencias neste eido polo Decreto 146/1982, do 1 de decembro, e consciente esta Vicepresidencia da importancia que ten facilitar canles polas que a xuventude poida participar neste tipo de actividades, é polo que este ano, ao igual que en anos anteriores, se convoca a Campaña Verán-2009.

A oferta da Campaña Verán-2009 comprende, ademais daquelas que se desenvolven na Comunidade Autónoma galega, actividades de ámbito nacional, tendo lugar a súa celebración noutras comunidades autónomas de España.

A Vicepresidencia da Igualdade e do Benestar, a través da Dirección Xeral de Xuventude e Solidariedade,

pretende desta forma atender a demanda individual, cada día máis crecente, de mozos e mozas no eido do tempo libre.

Por todo isto,

DISPOÑO:

Artigo 1º.-*Obxecto.*

1. Co obxectivo de facilitarlle á mocidade a participación en actividades de tempo libre, a Vicepresidencia da Igualdade e do Benestar, a través da Dirección Xeral de Xuventude e Solidariedade, oferta un plan xeral de actividades que se detalla no anexo I desta orde.

As diferentes actividades que integran esta oferta xeral levaranse a cabo tanto en Galicia como nas comunidades autónomas de España, en diferentes quendas de entre unha semana e quince días de duración durante os meses de xullo e agosto.

2. A información sobre a convocatoria desta campaña, así como de cada actividade e instalación xuvenil onde se desenvolverá, atoparase detallada na páxina web www.xuventude.net. Ademais, os interesados poden solicitar folletos informativos da convocatoria na Dirección Xeral de Xuventude e Solidariedade, nos servizos e oficinas locais de xuventude das delegacións provinciais da Vicepresi-

dencia da Igualdade e do Benestar, nas oficinas e puntos de información xuvenil da Rede Galega de Información e Documentación Xuvenil, no Centro Coordinador de Información e Documentación Xuvenil, nas oficinas de información administrativa e atención ao cidadán e no teléfono xove (902 15 25 35).

3. Para lograr a efectiva difusión desta campaña para vindeiras convocatorias e, co obxectivo de garantir a transparencia, a eficacia e eficiencia na organización e xestión pública (artigo 2 b da Lei 4/2006, do 30 de xuño, de transparencia e boas prácticas na Administración pública galega), e de proporcionar e difundir información constante, veraz, obxectiva e clara sobre a actuación do sector público (2 c) recolleranse experiencias e mesmo fotografías das instalacións e dos participantes que poderán ser empregadas para noticias contidas en xornais, publicacións e mesmo divulgadas tanto a través de servizos da sociedade da información como en páxinas web da Vicepresidencia da Igualdade e do Benestar.

Artigo 2º.-*Servizos ofertados.*

1. A participación na oferta da Campaña Verán-2009 realizarase a través de inscrición individual ou múltiple (para os supostos de dous, tres ou catro irmáns). Os participantes disporán dos seguintes servizos:

- a) Un programa de actividades de carácter sociocultural, recreativo, formativo e convivencial, que posibilite a participación da/o moza/o.
- b) Aloxamento en albergue xuvenil, residencia xuvenil ou campamento xuvenil.
- c) Manutención en réxime de pensión completa.
- d) O material necesario para a actividade.
- e) Un equipo técnico de persoal especializado en animación sociocultural e actividades de tempo libre e actividades náuticas, se é o caso.
- f) Atención sanitaria de primeiros auxilios e seguro de accidentes.
- g) Nas actividades desenvolvidas noutras comunidades autónomas inclúese o transporte desde Santiago de Compostela ata o lugar de destino, así como o retorno ata Santiago de Compostela.

2. A incorporación aos campamentos e albergues de Galicia será por conta do interesado o día de inicio da quenda correspondente, entre as 16.00 e as 19.00 horas. Non se admitirá ningún participante despois deste límite.

Cabe destacar, que nas actividades que se leven a cabo noutras comunidades autónomas, será por conta do interesado o traslado desde o seu domicilio ata Santiago de Compostela, tanto o día de saída para a actividade como o día de chegada desta. No suposto de expulsión da/o participante, os gastos ocasionados para o regreso deste ao seu domicilio serán por conta dos pais ou titores.

Artigo 3º.-*Participantes.*

1. Poden solicitar a súa participación nas actividades ofertadas nesta convocatoria os mozos e mozas

nados no ano sinalado no anexo I para cada actividade.

2. En canto á idade mínima e máxima para participar na Campaña de Verán 2009, compre destacar o seguinte:

-Os nados no ano 1991 non poderán cumprir 18 anos antes da finalización do campamento.

-Os nados no ano 2000 deberán ter cumpridos 9 anos ao inicio do campamento.

3. O incumprimento destas normas dará lugar á non admisión da solicitude.

Artigo 4º.-*Discapacitados.*

Co obxecto de acadar unha adecuada distribución de prazas nos campamentos de integración organizados pola Xunta de Galicia, aqueles mozos e mozas que teñan unha discapacidade igual ou superior ao 33 % deberán participar neste programa a través da convocatoria que realiza todos os anos a Dirección Xeral de Acción Social -Subdirección Xeral de Discapacidade, non podendo presentar solicitudes de participación no sorteo que se celebrará o día 22 de abril.

No caso de incumprimento do disposto no punto anterior, os/as rapaces/as non serán aceptados o día de incorporación ao campamento.

Artigo 5º.-*Tipos de solicitude.*

1. A solicitude pode ser individual ou múltiple (para o suposto de dous, tres e ata catro irmáns).

A solicitude múltiple só se poderá empregar para o suposto de solicitude de irmáns que pidan a mesma instalación e quenda. Todos os interesados que figuren nunha mesma instancia deben cumprir os requisitos de idade exixidos para as instalacións e quendas solicitadas.

O incumprimento do disposto no parágrafo anterior por un dos participantes, suporá a exclusión de todos os que figuren nesa mesma solicitude.

Estas solicitudes teñen efecto durante o sorteo para a adxudicación da praza e para xerar as listas de espera, pero no momento das adxudicacións desde a lista de espera xa se teñen en conta como individuais.

2. Presentación de solicitudes.

A presentación da solicitude poderá facerse, por elección do solicitante, por vía escrita ou por vía telemática:

a) Vía escrita:

As solicitudes deberán formularse no impreso que se indica no anexo II desta orde, que se poderá solicitar nos servizos que especifica o artigo 1.2º, ou ben descargar e cubrir directamente desde a páxina web www.xuventude.net, para logo presentar a través de rexistro.

A dita solicitude e mais a documentación requirida dirixirase ao director xeral de Xuventude e Solidariedade, e poderá presentarse no rexistro xeral da Xunta de Galicia, nos rexistros das delegacións provinciais da Vicepresidencia da Igualdade e do

Benestar ou por calquera dos medios establecidos no artigo 38 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común. Todas aquelas persoas que presenten a súa solicitude a través do procedemento do Portelo Único dos concellos ou por correo ordinario deberán remitir, unha vez rexistrada, unha copia desta por fax ao número 981 54 58 43.

Non serán admitidas aquelas solicitudes presentadas unicamente vía fax.

b) Vía telemática:

A vía telemática establécese como un mecanismo de presentación nun único trámite para aqueles solicitantes que reúnan os seguintes requisitos:

-Os solicitantes deberán posuír un certificado dixital baixo a norma X.509.V3 expedido pola Fábrica Nacional de Moeda e Timbre, Real Casa da Moeda.

Poderá accederse a esta vía de presentación a través da aplicación informática establecida no enderezo da internet <http://www.xunta.es/servizos>, onde se disporán os medios de axuda para a presentación de solicitudes.

Unha vez asinada a solicitude co certificado dixital do solicitante, procederáse á transferencia telemática da dita documentación ao rexistro telemático da Xunta de Galicia, creado polo Decreto 200/2003, do 20 de marzo.

3. Formalización da solicitude.

Os impresos de solicitude deben ser cubertos de acordo coas seguintes normas:

a) Cada mozo ou moza só poderá cubrir unha solicitude elixindo, por orde de prioridade, un máximo de cinco quendas ou actividades. (Cada quenda ou actividade vai identificada cun código no anexo I desta orde).

b) Os datos do solicitante deben ser os da moza ou mozo que opta a participar nas actividades. No caso de solicitudes múltiples deberán cubrirse os datos de todos os irmáns que soliciten a súa participación.

c) As solicitudes deberanas asinar os/as pais/nais ou titores/as dos menores solicitantes.

d) Se o solicitante é galego non residente en Galicia, na súa solicitude debe figurar, para as comunicacións, un enderezo nesta comunidade autónoma.

e) A duplicidade dunha solicitude dará lugar á non-admisión de ambas, quedando o solicitante fóra do sorteo.

A partir do 6 de abril, o interesado deberá comprobar a recepción da súa solicitude na páxina web www.xuventude.net, así como os posibles erros de mecanización que se cometesen, co obxecto de proceder á súa corrección. Nesa páxina aparecerá un enlace para consultar os datos das solicitudes. Para ter acceso a estes, deberase incluír o número do DNI do pai/nai ou titor/a que cubriu a instancia, así como a data de caducidade dese DNI. Se os interesados atopan algún erro nos datos da solicitude ou non a atopan, deben chamar a calquera dos números de

teléfono da Dirección Xeral de Xuventude e Solidariedade que aparecen no anexo IV, antes do día 20 de abril, incluído. Unha vez transcorrido ese día, contra os erros ou omisións de solicitudes, non procederá reclamación ningunha.

Artigo 6º.-Prazo.

O prazo de presentación de solicitudes iniciárase o día seguinte da publicación desta orde no *Diario Oficial de Galicia* e rematará o día 24 de marzo de 2009.

Artigo 7º.-Adxudicación de prazas.

A adxudicación das prazas realizarase da seguinte forma:

1. Por adxudicación directa, no caso de que a demanda non supere o número de prazas dispoñibles.

2. Por sorteo, por medios informáticos, no suposto de que o número de solicitudes supere o número de prazas dispoñibles.

Neste caso o sorteo realizarase, ante notario, o día 22 de abril de 2009, ás 12.00 horas, no salón de actos número un, sito na planta baixa das dependencias da Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza en Santiago de Compostela.

Mediante este sorteo, cubriranse as prazas nas distintas actividades que especifica o anexo I desta orde. Destacar que se lle dará prioridade no sorteo a aqueles solicitantes que non obtiveron praza na campaña de verán do ano pasado.

Así mesmo, dará lugar a unha lista de espera para cada unha das actividades. Esta lista xerárase dunha forma aleatoria, mediante sistema informático, unha vez realizado o sorteo e colocando a cada participante unicamente nunha lista de espera para un campamento concreto, de entre os que solicitou entre as cinco opcións. O número de reservas en cada actividade será do 50% das prazas convocadas.

3. A Dirección Xeral de Xuventude e Solidariedade fará público o resultado do sorteo, incluídas as listas de espera, e confeccionará a correspondente lista de admitidos para cada quenda e actividade. A comunicación do resultado do sorteo para os participantes seleccionados levarase a cabo vía sms e correo electrónico ao número de teléfono e conta de correo especificados na solicitude, e a lista de admitidos será exposta a partir do día 23 de abril de 2009 na Dirección Xeral de Xuventude e Solidariedade, no rexistro xeral da Xunta de Galicia, nos rexistros e servizos de Xuventude e Solidariedade das súas delegacións provinciais, no Centro de Información Administrativa e Atención ao Cidadán de Santiago de Compostela, no teléfono xove (902 15 25 35) e na páxina web www.xuventude.net.

Artigo 8º.-Documentación.

Os participantes seleccionados deberán presentar, desde o día seguinte ao da data de exposición das listas e ata o día 7 de maio de 2009, na delegación provincial da Vicepresidencia da Igualdade e do Benestar da provincia onde se vai desenvolver a

actividade, ou na Dirección Xeral de Xuventude e Solidariedade, no caso das actividades que se realicen fóra da Comunidade Autónoma de Galicia, a seguinte documentación:

-Xustificación de pagamento.

-Fotocopia do DNI ou da folla correspondente do libro de familia.

-Fotocopia do documento de afiliación á Seguridade Social ou seguro médico privado.

-Cuestionario médico -sanitario (anexo III).

-Declaración responsable de que sabe nadar.

-Fotocopia compulsada do título de familia numerosa, de ser o caso.

-Fotocopia do Carné Xove, de ser o caso.

Artigo 9º.-*Adxudicación de prazas ás listas de espera.*

1. As vacantes que se produzan por non presentar a documentación, por presentala fóra do prazo establecido ou por renunciar á praza obtida no sorteo, serán ofertadas desde o día 25 de maio aos solicitantes que figuran nas listas de espera correspondentes. No caso de que se produzan baixas, a Dirección Xeral de Xuventude e Solidariedade ou o servizo de xuventude correspondente contactarán, seguindo a orde de lista, cos suplentes mediante chamada telefónica. Realizaranse 3 chamadas entre as 9.00 e 14.00 horas que quedarán rexistradas para a súa constancia. De non contactar co interesado, este será dado de baixa e procederase a chamar ao seguinte na lista de espera. Unha vez recibida a comunicación e aceptada a praza ofertada deberán presentar a documentación sinalada no artigo 8º nun prazo de 48 horas.

2. No caso de non presentar a mencionada documentación no prazo indicado a praza será ofertada ao seguinte da lista de espera.

Artigo 10º.-*Adxudicación das prazas de resultas.*

1. As prazas vacantes que non se cubrisen polos procedementos de adxudicación establecidos nos artigos 7º e 9º desta orde, serán ofertadas a partir do día 8 de xuño. Estas prazas estarán expostas na páxina web www.xuventude.net.

Para estes efectos, poderán solicitar as prazas vacantes toda persoa que cumpra os requisitos do ano de nacemento a que se fai mención no artigo 3º desta orde.

2. Para solicitar as prazas de resultas, o interesado poderá efectuar a oportuna reserva da praza, no caso de que existan vacantes, por teléfono a través de calquera servizo de Xuventude e Solidariedade das delegacións provinciais ou da Dirección Xeral de Xuventude e Solidariedade.

Cada persoa só poderá facer a reserva, como máximo, de catro prazas para catro participantes.

A reserva de prazas poderase efectuar en horario de 9.00 a 14.00 horas, en días laborables agás os sábados.

3. Unha vez efectuada a reserva de praza, o interesado disporá dun prazo máximo de 48 horas para presentar o impreso que se indica no anexo II desta orde, debidamente cuberto, e a documentación relacionada no artigo 8º.

Esta documentación poderá presentarse en calquera das oficinas anteriormente relacionadas. En caso contrario, perderá o dereito á praza reservada.

4. No anexo IV indícanse os enderezos e teléfonos das oficinas administrativas a través das que se pode efectuar a oportuna reserva de praza, para os efectos do disposto neste artigo.

Artigo 11º.-*Prezos.*

1. Os prezos de aplicación para cada actividade e quenda aparecen detallados no anexo I desta orde, de acordo co sinalado na Orde do 4 de febreiro de 2009 (DOG número 36, do 20 de febreiro).

2. Os membros de familia que teñan o título de numerosa terán un desconto do 50% sobre os prezos que aparecen detallados no anexo I desta orde. Circunstancia que debe ser acreditada coa presentación dunha fotocopia compulsada do título de familia numerosa vixente.

3. Os usuarios do Carné Xove gozarán dun desconto do 25% sobre os prezos que aparecen detallados no anexo I desta orde. Circunstancia que debe ser acreditada coa presentación dunha fotocopia do Carné Xove vixente.

4. Os descontos citados nos dous puntos anteriores en ningún caso serán acumulables.

Artigo 12º.-*Devolucións de cotas.*

1. Se unha vez obtida a praza e aboado o prezo correspondente o interesado non puidese asistir á actividade, só terá dereito á devolución deste no caso de que comunique a renuncia á praza por escrito e solicite a devolución da cantidade aboada polo menos vinte días naturais antes do inicio da actividade, ou cando, por causas non imputables ao interesado, non se preste o servizo ou a Administración anule a actividade (Lei 6/2003, do 9 de decembro, de taxas, prezos e exaccións reguladoras da Comunidade Autónoma de Galicia e Decreto lexislativo 172/1992, do 26 de xuño, polo que se ditan normas para a xestión da liquidación e recadación das taxas e prezos públicos da Comunidade Autónoma de Galicia).

2. Todas aquelas solicitudes de devolución de cota que non sexan presentadas, tal e como se reflexa no punto anterior, polo menos vinte días naturais antes do inicio da actividade, serán denegadas independentemente da causa xustificativa que se alegue na respectiva solicitude de devolución de cota.

3. Para estes efectos os interesados dispoñen dun modelo normalizado de solicitude de devolución de cota de participación anexo a esta orde (anexo V), que tamén poderán solicitar na Dirección Xeral de Xuventude e Solidariedade e nos servizos de Xuventude e Solidariedade das delegacións provinciais da Vicepresidencia da Igualdade e do Benestar.

4. A solicitude deberá dirixirse ao delegado/a provincial da Vicepresidencia da Igualdade e do Benestar da provincia onde se vai desenvolver a actividade, ou ao director xeral de Xuventude e Solidariedade no caso das actividades que se desenvolvan fóra da Comunidade Autónoma de Galicia, que serán os órganos encargados de resolver en cada caso.

Artigo 13º.-Protección de datos.

De acordo co artigo 5 da Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal, informámoslle que os datos recollidos nos diferentes anexos desta orde resultan necesarios para a adxudicación de prazas xuvenís dentro do programa Campaña Verán-2009. Os datos facilitados considéranse exactos e postos ao día, ademais de pertinentes e axeitados e serán incorporados ao ficheiro Campamentos de verán, do que é responsable a Vicepresidencia da Igualdade e do Benestar, e a finalidade do cal é obter unha base de datos para resolver as solicitudes de praza nos campamentos, compilación de datos sanitarios para conseguir un coñecemento previo para previr situacións de risco excepcionais derivadas de circunstancias persoais, obtención de datos económicos para proceder a devolver cotas en caso de renuncia e/ou ingreso erróneo. O titular dos datos consente expresamente a comunicación destes a organizacións ou persoas directamente relacionadas co responsable do ficheiro e a súa publicación nos termos contidos nesta

orde. Non haberá máis cesións de datos agás a outras administracións públicas que exerzan as mesmas competencias ou no caso de que unha lei o previra. O interesado pode exercer os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición ante o responsable do tratamento Dirección Xeral de Xuventude e Solidariedade» no enderezo edificio administrativo San Caetano, 15781 Santiago de Compostela (A Coruña) ou no correo electrónico lopdxuventude@xunta.es.

Cando o solicitante facilite datos dun terceiro, aínda que se trate de menores de idade, sempre que sexan maiores de 14 anos, será o encargado de informar do contido desta cláusula ao titular dos datos e con carácter previo á súa inclusión no devandito ficheiro, no caso dos menores deberá expresalo nunha linguaxe facilmente comprensible para estes.

Disposicións derradeiras

Primeira.-Facúltase o director xeral de Xuventude e Solidariedade para ditar, no ámbito das súas competencias, as resolucións precisas para o desenvolvemento desta orde.

Segunda.-Esta orde entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Santiago de Compostela, 17 de febreiro de 2009.

Anxo M. Quintana González
Vicepresidente da Igualdade e do Benestar

ANEXO I

Campamentos de verán 2009

Instalación xuvenil	Actividade	Data	Ano de nacemento	Importe praza	Código
Alb. Xuv. Mariña Española	A miña primeira aventura	1-8/07	99-00	92 €	150001
		12-19/07	99-00	92 €	150002
		23-30/07	99-00	92 €	150003
		2-9/08	99-00	92 €	150004
		12-19/08	99-00	92 €	150005
	Deporte e recreación	20-31/08	97-98	180 €	150006
Alb. Xuv. Gandarío	Acampagaia	1-12/07	97-98	180 €	150007
	Acampagaia	2-13/08	95-96	180 €	150008
	Actividades no mar	1-12/07	94-95	188 €	150009
	Actividades no mar	17-28/07	94-95	188 €	150010
	Vela e táboa	17-28/07	91-92-93	188 €	150011
	Actividades no mar	18-29/08	94-95	188 €	150013
	Vela e táboa	18-29/08	91-92-93	188 €	150014
Camp. Xuv. Furelos	En bicicleta e cabalo pola natureza	17-28/07	91-92-93	168 €	150015
		2-13/08	95-96	168 €	150016
Camp. Xuv. Virxe de Loreto	Actividades náuticas	17-28/07	94-95	168 €	150017
		2-13/08	91-92-93	168 €	150018
Camp. Xuv. Espiñeira	Campamento de teatro	1-12/07	97-98	143 €	150019
		17-28/07	97-98	143 €	150020
Alb. Xuv. Area	Actividades no mar: vela, táboa, <i>wake board</i> e aula de natureza mariña	1-12/07	94-95	188 €	270001
		17-28/07	93-94	188 €	270002
		18-29/08	94-95	188 €	270003
Alb. Xuv. Benigno Quiroga	Xogando no encoro. A nosa primeira aventura	1-8/07	98-99-00	92 €	270004
		12-19/07	98-99-00	92 €	270005
		23-30/07	98-99-00	92 €	270006
		2-9/08	98-99-00	92 €	270007
		13-20/08	98-99-00	92 €	270008

Instalación xuvenil	Actividade	Data	Ano de nacemento	Importe praza	Código
Camp. Xuv. A Devesa	Multiaventura: ambiente e mar	1-12/07	95-96	143 €	270010
	Acampada ao carón do mar	1-12/07	97-98	143 €	270011
	DevesAventura	17-28/07	95-96	143 €	270012
	Campamento Sinte Galiza	17-28/07	97-98	143 €	270013
	Unha viaxe a través do tempo	2-13/08	97-98	143 €	270014
	Sons da Devesa	2-13/08	97-98	143 €	270015
Camp. Xuv. Os Chacotes	Multiaventura nos Chacotes	17-28/07	94-95	143 €	270016
	Aventura-T	2-13/08	95-96	143 €	270017
Complejo Res. Xuv. LUG	Campamento de teatro	2-13/08	91-92-93	180 €	270018
Camp. Xuv. P. de Xacinto	Aventura e deporte	1-12/07	98-99-00	143 €	320001
		17-28/07	95-96	143 €	320002
		2-13/08	94-95	143 €	320003
	Portugaliza	18-29/08	91-92-93	143 €	320004
Colexio Guillermo Brown	Contos e lendas	1-12/08	98-99-00	180 €	320005
Universidade Laboral	Campamento de fútbol	1-10/07	95-96	120 €	320006
		11-21/07	95-96	120 €	320007
Centro de Educación Ambiental Equal	Teatro, baile: o corpo tamén fala	1-12/07	98-99-00	180 €	320008
		17-28/07	94-95	180 €	320009
		2-13/08	97-98	180 €	320010
Alb. Xuv. Vilar de Ordelles (Esgos)	Multiaventura	1-12/07	97	180 €	320011
		17-28/07	97-98	180 €	320012
		2-13/08	95-96	180 €	320013
Alb. Xuv. As Sinas	Actividades no mar: vela, dorna, táboa, piragüismo, kaiak-polo e aula natureza mariña	1-12/07	94-95	188 €	360001
		17-28/07	94-95	188 €	360002
		2-13/08	94-95	188 €	360003
		18-29/08	91-92-93	188 €	360004
Camp. Xuv. Pontemariñ	A miña primeira aventura	1-8/07	98-99-00	82 €	360005
		12-19/07	98-99-00	82 €	360006
		23-30/07	98-99-00	82 €	360007
	Aventura na natureza	1-12/07	97-98	143 €	360008
		17-28/07	95-96	143 €	360009
		2-13/08	95-96	143 €	360010
Camp. Xuv. Illa de Ons	Aventura na illa	1-12/07	96-97	143 €	360011
		17-28/07	97-98	143 €	360012
		2-13/08	96	143 €	360013

Campamentos noutras comunidades autónomas. Ano 2009-campaña verán

Comunidade autónoma	Instalación xuvenil	Modalidade	Ano de nacemento	Data	Prezo	Código
Álava	Alb. Xuv. Barría	Multiaventura	96	1-11/08	210 €	500001
	Isla de Zuatza	Náutica	94-95	1-11/08	210 €	500002
Aragón	Alb. Xuv. Ntra. Sra. del Pilar-Villanúa	Multiaventura	91-92-93-94	2-16/07	225 €	500003
	Camp. Xuv. Canfranc	Multiaventura	91-92-93-94	2-16/08	210 €	500004
	Camp. Xuv. Moncayo	Multiaventura	95-96-97	2-16/08	210 €	500005
Cantabria	Alb. Xuv. Loreda e Alb. Xuv. Tama	Mar e montaña	91-92-93-94	17-31/07	225 €	500006
	Camp. Xuv. Tama	Montaña	94-95	17-31/07	210 €	500007
	Camp. Xuv. Ruiloba	Multiaventura	94-95	17-31/07	210 €	500008
	Alb. de Cabárceno	Multiaventura	96	7-18/07	210 €	500009
	Alb. de Cabárceno	Multiaventura	94-95	21/07-1/08	210 €	500010
Alb. de Cabárceno	Multiaventura	96	3-14/08	210 €	500011	
Extremadura	Alb. Xuv. Las Castellanas (Cáceres)	Multiaventura	94-95	3-14/08	225 €	500012
Castilla y León	Alb. Xuv. S. Martín de Castañeda (Sanabria)	Náutica	91-92-93	16-30/07	225 €	500013
	Alb. Xuv. La Legoriza	Multiaventura	95-96	16-30/07	225 €	500014
Murcia	Alb. Xuv. Puntas de Calnegre (Lorca)	Náutica	91-92-93-94	1-12/08	225 €	500015
Navarra	Alb. Xuv. Alsasua	Multiaventura	95-96	11-21/07	210 €	500016
	Alb. Xuv. Santo Esteban	Multiaventura	91-92-93-94	11-21/07	210 €	500017


XUNTA DE GALICIA

 VICEPRESIDENCIA DA IGUALDADE E
DO BENESTAR

ANEXO II A

SOLICITUDE INDIVIDUAL DE PRAZAS XUVENÍS DA CAMPAÑA DE VERÁN

--	--	--	--	--	--

(Para cubrir pola Administración)

PROCEDEMENTO PRAZAS XUVENÍS, PROGRAMA CAMPAÑA DE VERÁN	CÓDIGO DO PROCEDEMENTO VP303A	DOCUMENTO SOLICITUDE
--	---	--------------------------------

DATOS DO RESPONSABLE DO MENOR

DNI PAI/NAI/TITOR/A	DATA CADUCIDADE DNI	NOME	PRIMEIRO APELIDO	SEGUNDO APELIDO
PROVINCIA	CONCELLO	ENDEREZO		
CÓDIGO POSTAL	TELÉFONO FIXO	TELÉFONO MÓBIL	CORREO ELECTRÓNICO	

DATOS DO MENOR

DNI SOLICITANTE	NOME	PRIMEIRO APELIDO
SEGUNDO APELIDO	DATA NACEMENTO	

INSTALACIÓNS QUE SOLICITA

CÓDIGO :	
CÓDIGO :	
CÓDIGO :	
CÓDIGO :	
CÓDIGO :	

DECLARACIÓN XURADA DO PAI /NAI /TITOR/A
DECLARO BAIXO A MIÑA RESPONSABILIDADE QUE SON CERTOS OS DATOS QUE FIGURAN NESTA SOLICITUDE.

LEXISLACIÓN APLICABLE <i>Orde do 17 de febreiro de 2009 pola que se regula a oferta de prazas xuvenís dentro do programa Campaña Verán-2009 e se procede á súa convocatoria.</i>	(Para cubrir pola Administración)	NÚMERO DE EXPEDIENTE
SINATURA DO RESPONSABLE DO MENOR <i>Lugar e data</i>	RECIBIDO	DATA DE ENTRADA
		/ /
	REVISADO E CONFORME	DATA DE EFECTOS
		/ /
		DATA DE SAÍDA
		/ /

Director xeral de Xuventude e Solidariedade

De acordo co artigo 5 da Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal, infórmo/a que os datos recollidos nos diferentes anexos desta orde resultan necesarios para a adxudicación de prazas xuvenís dentro do programa Campaña Verán-2009. Os datos facilitados considéranse exactos e postos ao día, ademais de pertinentes e axeitados e serán incorporados ao ficheiro Campamentos de verán, do que é responsable a Vicepresidencia da Igualdade e do Benestar, e a finalidade do cal é obter unha base de datos para resolver as solicitudes de praza nos campamentos, recompilación de datos sanitarios para conseguir un coñecemento previo para previr situacións de risco excepcionais derivadas de circunstancias persoais, obtención de datos económicos para proceder a devolver cotas en caso de renuncia e/ou ingreso erróneo. O titular dos datos consente a comunicación destes a organizacións ou persoas directamente relacionadas co responsable do ficheiro e a súa publicación nos termos contidos nesta orde. Non haberá máis cesións de datos agás a outras administracións públicas que exerzan as mesmas competencias ou no caso de que unha lei o previra. O interesado pode exercer os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición ante o responsable do tratamento Dirección Xeral de Xuventude e Solidariedade no enderezo edificio administrativo San Caetano 15781 Santiago de Compostela (A Coruña) ou no correo electrónico lpd.xuventude@xunta.es

Cando o solicitante facilite datos dun terceiro, aínda que se trate de menores de idade, sempre que sexan maiores de 14 anos, será o encargado de informar do contido desta cláusula ao titular dos datos e con carácter previo á súa inclusión no devandito ficheiro, no caso dos menores deberá expresalo nunha linguaxe facilmente comprensible para estes.



XUNTA DE GALICIA
VICEPRESIDENCIA DA IGUALDADE E DO BENESTAR

ANEXO II B

SOLICITUDE MÚLTIPLE DE PRAZAS XUVENÍS DA CAMPAÑA DE VERÁN

--	--	--	--	--	--

(Para cubrir pola Administración)

PROCEDEMENTO <i>PRAZAS XUVENÍS, PROGRAMA CAMPAÑA DE VERÁN</i>	CÓDIGO DO PROCEDEMENTO <i>VP303A</i>	DOCUMENTO <i>SOLICITUDE</i>
---	--	---------------------------------------

DATOS DO MENOR 1

DNI SOLICITANTE	NOME	PRIMEIRO APELLIDO
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>
SEGUNDO APELLIDO	DATA NACEMENTO	
<input type="text"/>	<input type="text"/>	

DATOS DO MENOR 2

DNI SOLICITANTE	NOME	PRIMEIRO APELLIDO
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>
SEGUNDO APELLIDO	DATA NACEMENTO	
<input type="text"/>	<input type="text"/>	

DATOS DO MENOR 3

DNI SOLICITANTE	NOME	PRIMEIRO APELLIDO
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>
SEGUNDO APELLIDO	DATA NACEMENTO	
<input type="text"/>	<input type="text"/>	

DATOS DO MENOR 4

DNI SOLICITANTE	NOME	PRIMEIRO APELLIDO
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>
SEGUNDO APELLIDO	DATA NACEMENTO	
<input type="text"/>	<input type="text"/>	

DATOS DO RESPONSABLE DO MENOR

DNI PAI/NAI/TITOR/A	DATA CADUCIDADE DNI	NOME	PRIMEIRO APELLIDO	SEGUNDO APELLIDO
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>
PROVINCIA	CONCELLO	ENDEREZO		
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>		
CÓDIGO POSTAL	TELÉFONO FIXO	TELÉFONO MÓBIL	CORREO ELECTRÓNICO	
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	

INSTALACIÓNS QUE SOLICITA

CÓDIGO :	<input type="text"/>	CÓDIGO :	<input type="text"/>
CÓDIGO :	<input type="text"/>	CÓDIGO :	<input type="text"/>
CÓDIGO :	<input type="text"/>		

DECLARACIÓN XURADA DO PAI /NAI /TITOR/A

DECLARO BAIXO A MIÑA RESPONSABILIDADE QUE SON CERTOS OS DATOS QUE FIGURAN NESTA SOLICITUDE.

LEXISLACIÓN APLICABLE <i>Orde do 17 de febreiro de 2009 pola que se regula a oferta de prazas xuvenís dentro do programa Campaña Verán-2009 e se procede á súa convocatoria.</i>	(Para cubrir pola Administración) RECIBIDO <input type="text"/> REVISADO E CONFORME <input type="text"/>
SINATURA DO RESPONSABLE DO MENOR Lugar e data , de de 200	NÚMERO DE EXPEDIENTE <input type="text"/> DATA DE ENTRADA ____/____/____ DATA DE EFECTOS ____/____/____ DATA DE SAÍDA ____/____/____

Director xeral de Xuventude e Solidariedade

De acordo co artigo 5 da Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal, infórmo/a que os datos recollidos nos diferentes anexos desta orde resultan necesarios para a adxudicación de prazas xuvenís dentro do programa Campaña Verán-2009. Os datos facilitados considéranse exactos e postos ao día, ademais de pertinentes e axeitados e serán incorporados ao ficheiro Campamentos de verán, do que é responsable a Vicepresidencia da Igualdade e do Benestar, e a finalidade do cal é obter unha base de datos para resolver as solicitudes de praza nos campamentos, recompilación de datos sanitarios para conseguir un coñecemento previo para previr situacións de risco excepcionais derivadas de circunstancias persoais, obtención de datos económicos para proceder a devolver cotas en caso de renuncia e/ou ingreso erróneo. O titular dos datos consente a comunicación destes a organizacións ou persoas directamente relacionadas co responsable do ficheiro e a súa publicación nos termos contidos nesta orde. Non haberá máis cesións de datos agás a outras administracións públicas que exerzan as mesmas competencias ou no caso de que unha lei o previra. O interesado pode exercer os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición ante o responsable do tratamento Dirección Xeral de Xuventude e Solidariedade no enderezo edificio administrativo San Caetano 15781 Santiago de Compostela (A Coruña) ou no correo electrónico lopj.xuventude@xunta.es
Cando o solicitante facilite datos dun terceiro, aínda que se trate de menores de idade, sempre que sexan maiores de 14 anos, será o encargado de informar do contido desta cláusula ao titular dos datos e con carácter previo á súa inclusión no devandito ficheiro, no caso dos menores deberá expresalo nunha linguaxe facilmente comprensible para estes.

ANEXO III

CUESTIONARIO MÉDICO-SANITARIO

APellidos e nome do participante	INSTALACIÓN CONCEDIDA	DATA
INDICAR SE O SOLICITANTE SOFRE ALGÚN PROCESO ALÉRXICO (en caso de ser afirmativo, deberán presentar certificado médico xustificativo)		
¿QUÉ TIPO DE VACINAS LLE FORON SUBMINISTRADAS?		
¿PADECE ALGUNHA ENFERMIDADE QUE PRECISE UN COIDADADO ESPECIAL?		
¿PADECE ALGUNHA ENFERMIDADE INFECTO-CONTAXIOSA?		
¿PADECE ALGUNHA LIMITACIÓN FISIOLÓXICA OU FUNCIONAL?		
¿DE QUE TIPO?		
GRUPO SANGUÍNEO		
OUTRAS OBSERVACIÓNS QUE OS PAIS OU TITORES CONSIDEREN OPORTUNO ADVERTIR		

EN CASO DE URXENCIA AVISAR A

NOME E APELIDOS		PARENTESCO	
PROVINCIA	CONCELLO	ENDEREZO	
CÓDIGO POSTAL	TELÉFONO	TELÉFONO MÓBIL	
Declaro baixo a miña responsabilidade que os datos sinalados son certos. Do mesmo xeito, autorizo as decisións médico-cirúrxicas que fose preciso adoptar en caso de extrema urxencia, baixo a adecuada dirección facultativa médica. <i>Lugar e data</i> , de de 200 O/A pai/nai ou titor/a do/a participante (Para menores de 18 anos)			

De acordo co artigo 5 da Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal, infórmo/a que os datos recollidos nos diferentes anexos desta orde resultan necesarios para a adxudicación de prazas xuvenís dentro do programa Campaña Verán-2009. Os datos facilitados considéranse exactos e postos ao día, ademais de pertinentes e axeitados e serán incorporados ao ficheiro Campamentos de verán, do que é responsable a Vicepresidencia da Igualdade e do Benestar, e a finalidade do cal é obter unha base de datos para resolver as solicitudes de praza nos campamentos, recompilación de datos sanitarios para conseguir un coñecemento previo para previr situacións de risco excepcionais derivadas de circunstancias persoais, obtención de datos económicos para proceder a devolver cotas en caso de renuncia e/ou ingreso erróneo. O titular dos datos consente a comunicación a organizacións ou persoas directamente relacionadas co responsable do ficheiro e a súa publicación nos termos contidos nesta orde. Non haberá máis cesións de datos agás a outras administracións públicas que exerzan as mesmas competencias ou no caso de que unha lei o previra. O interesado pode exercer os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición ante o responsable do tratamento Dirección Xeral de Xuventude e Solidariedade no enderezo edificio administrativo San Caetano 15781 Santiago de Compostela (A Coruña) ou no correo electrónico lopd.xuventude@xunta.es

Cando o solicitante facilite datos dun terceiro, aínda que se trate de menores de idade, sempre que sexan maiores de 14 anos, será o encargado de informar do contido desta cláusula ao titular dos datos e con carácter previo á súa inclusión no devandito ficheiro, no caso dos menores deberá expresalo nunha linguaxe facilmente comprensible para estes.

ANEXO IV

-Dirección Xeral de Xuventude e Solidariedade:

Enderezo: edificio administrativo San Caetano, bloque 3, 1º, 15781 Santiago de Compostela.

Teléfono: 981 54 48 40/881 99 9025/981 54 48 51.

-Delegación Provincial da Coruña da Vicepresidencia da Igualdade e do Benestar-Servizo de Xuventude e Solidariedade:

Enderezo: rúa Enrique Mariñas, s/n, edificio Proa-Matogran- de 15009 A Coruña.

Teléfonos: 881 88 12 40/881 88 12 44/881 88 12 41.

-Delegación Provincial de Lugo da Vicepresidencia da Igualdade e do Benestar-Servizo de Xuventude e Solidariedade:

Enderezo: rolda da Muralla, 70, 27071 Lugo.

Teléfono: 982 29 42 24/982 29 43 52/982 29 49 23.

-Delegación Provincial de Ourense da Vicepresidencia da Igualdade e do Benestar-Servizo de Xuventude e Solidariedade:

Enderezo: avda. Habana, 81 baixo. 32071 Ourense.

Teléfono: 988 38 61 18/988 38 61 20.

-Delegación Provincial de Pontevedra da Vicepresidencia da Igualdade e do Benestar-Servizo de Xuventude e Solidariedade:

Enderezo: r/ Concepción Arenal, 8-1º andar, 6201 Vigo.

Teléfono: 986 81 70 80/986 81 77 81.

ANEXO V

ACTIVIDADES XUVENÍS
RENUNCIA DE PRAZA E SOLICITUDE DE DEVOLUCIÓN DE COTA
(Antes de cubrir os datos lea as instrucións ao pé de páxina)

DATOS DO SOLICITANTE (PERSOA INSCRITA)

NOME	APELIDOS	DNI
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>
ENDEREZO	PROVINCIA	
<input type="text"/>	<input type="text"/>	
CONCELLO	CÓDIGO POSTAL	TELÉFONO
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>

DATOS DO REPRESENTANTE(1)

NOME E APELIDOS	DNI		
<input type="text"/>	<input type="text"/>		
COMO (PAI, NAI OU TITOR/A)	DE (PERSOA INSCRITA)		
<input type="text"/>	<input type="text"/>		
ENDEREZO			
<input type="text"/>			
PROVINCIA	LOCALIDADE/CONCELLO	CÓDIGO POSTAL	TELÉFONO
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS QUE OBRIGAN O INTERESADO A RENUNCIAR Á PRAZA (2)

RENUNCIA: á praza que tiña adxudicada en (nome campo de traballo, campamento, actividade...):

que se levará a cabo na (localidade e provincia): desde o

ata o polos motivos que se indican a seguir:

e SOLICITA: a devolución da cota previamente ingresada.

DATOS BANCARIOS DO INTERESADO OU DA PERSOA QUE O REPRESENTA (3)

CÓDIGO ENTIDADE	CÓDIGO OFICINA	DC	Nº CONTA
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>
TITULAR DA CONTA		ENTIDADE BANCARIA	
<input type="text"/>		<input type="text"/>	
ENDEREZO			
<input type="text"/>			

Lugar e data

, de de 200

Asdo.: Asdo.:

(Solicitante: quen renuncia á praza) (Representante: pai/nai ou titor/a legal do solicitante)

- (1) Soamente no caso de que o interesado sexa menor de idade ou non dispoña de conta corrente aberta ao seu nome.
- (2) Para poder proceder á devolución da cota é preciso que a *renuncia* teña entrada (registro) na *Dirección Xeral de Xuventude e Solidariedade*, nos Servizos de Xuventude das delegacións provinciais e oficinas locais de Xuventude da Vicepresidencia da Igualdade e do Benestar, polo menos vinte (20) días naturais antes do inicio da actividade.
- (3) O solicitante da devolución (persoa inscrita ou representante) será o mesmo que o titular da conta que se facilita para facer o ingreso (datos bancarios). Esta solicitude deberán asinala o solicitante e mailo representante, de ser o caso, que tamén debe achegar fotocopia do seu DNI. No caso de ser o representante (pai, nai ou titor/a) quen solicite a devolución, deberá achegar ademais, fotocopia do Libro de Familia (follas de inscrición do matrimonio e do fillo) ou poder notarial, segundo o caso.

Director xeral de Xuventude e Solidariedade ou delegado/a provincial

De acordo co artigo 5 da Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal, infórmoo/a que os datos recollidos nos diferentes anexos desta orde resultan necesarios para a adxudicación de prazas xuvenís dentro do programa Campaña Verán-2009. Os datos facilitados considéranse exactos e postos ao día, ademais de pertinentes e axeitados e serán incorporados ao ficheiro Campamentos de verán, do que é responsable a Vicepresidencia da Igualdade e do Benestar, e a finalidade do cal é obter unha base de datos para resolver as solicitudes de praza nos campamentos, recompilación de datos sanitarios para conseguir un coñecemento previo para prever situacións de risco excepcionais derivadas de circunstancias persoais, obtención de datos económicos para proceder a devolver cotas en caso de renuncia e/ou ingreso erróneo. O titular dos datos consente a comunicación destes mesmos a organizacións ou persoas directamente relacionadas co responsable do ficheiro e a súa publicación nos termos contidos nesta orde. Non haberá máis cesións de datos agás a outras administracións públicas que exerzan as mesmas competencias ou no caso de que unha lei o previra. O interesado pode exercer os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición ante o responsable do tratamento Dirección Xeral de Xuventude e Solidariedade no enderezo edificio administrativo San Caetano 15781 Santiago de Compostela (A Coruña) ou no correo electrónico lpd.xuventude@xunta.es. Cando o solicitante facilite datos dun terceiro, aínda que se trate de menores de idade, sempre que sexan maiores de 14 anos, será o encargado de informar do contido desta cláusula ao titular dos datos e con carácter previo á súa inclusión no devandito ficheiro, no caso dos menores deberá expresalo nunha linguaxe facilmente comprensible para estes.